

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A VIXILANCIA DAS CARRACHAS E DOS MOSQUITOS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL DENTRO DA REDE GALEGA DE VIXILANCIA DE VECTORES (REGAVIVEC)**

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2025

### **REUNIDOS**

Dunha parte don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e dos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (CIF.: Q1518001A), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 56, do 22 de marzo de 2022, en virtude das facultades que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), publicados no DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014.

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (CIF Q8650002B), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño de 2022, en virtude das facultades que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2019.

Ambas as catro partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o convenio e a tal efecto:

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que no marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Medio Rural, é unha función esencial, dentro da misión da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) e da Dirección Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Alimentarias (DXGAIA), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes da saúde, tanto humana como animal. Entre estas actuacións, atópase a vixilancia das carrachas vectores de enfermidades como poden ser a anaplasmosa, febre Q, enfermidade de Lyme, febre exantemática mediterránea, erliquiose, etc. e a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidades humanas e animais, como poden ser a enfermidade do virus do Nilo Occidental, dengue, zika, malaria, leishmaniose, etc.

En canto á vixilancia das **carrachas** vectores de enfermidades, os datos publicados indican que, tanto en Europa como en América do Norte, as carrachas están a expandirse cara ao norte en latitude e que se atopan cada vez en altitudes máis elevadas. Estímase que o cambio climático é un dos impulsores desta expansión, en especial das pertencentes ao xénero *Ixodes*. O cambio climático, ademais, pode provocar que se introduzan e instalen en Galicia, especies de carrachas que neste momento parece que non se atopan.

Como nin a Consellería de Sanidade, nin a do Medio Rural dispoñen de persoal experto para levar a cabo a tarefa de identificación e determinación de densidades das diferentes especies destes ectoparásitos, o 29 de maio de 2018 asinouse un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. Froito desta colaboración, resultaron achados relevantes, como a distribución norte-sur das diferentes especies de carrachas que interveñen na transmisión de diferentes enfermidades humanas e animais, así como a detección de carrachas do xénero *Hyalomma* no oriente de Ourense e na parte sur-oriental de Lugo.

No referente as actuacións de vixilancia dos **mosquitos** vectores de enfermidades humanas e animais, a súa necesidade parte da posible importación de casos, humanos ou animais, desde países ou áreas onde as enfermidades son endémicas. Tamén, por intercambio de animais entres países e, que de existir aquí os vectores, como é o caso dos mosquitos vectores da enfermidade do virus do Nilo Occidental, poderían dar lugar a casos autóctonos, tanto humanos como animais. Igualmente, para certas enfermidades, as aves migratorias desenvolven un papel importante como reservorios dos microorganismos, polo que poderían, se xa existe o vector, introducilos na Comunidade Autónoma Galega.

Ademais, con motivo do cambio climático, especies de mosquitos, que neste momento parece que non se atopan en Galicia, como é o caso dos *Aedes japonicus* e *Aedes aegypti*, poderían introducirse e posteriormente instalarse na nosa Comunidade. De feito, no

ano 2023 detectouse a presenza de exemplares do mosquito *Aedes albopictus*. Isto pode favorecer a aparición de casos autóctonos de enfermidades como o dengue, zika ou chikungunya, no caso dos humanos.

Do mesmo xeito que no caso das carrachas vectores de enfermidades, nin a Consellería de Sanidade, nin a do Medio Rural dispoñen de persoal experto en entomoloxía para levar a cabo a tarefa de identificación das diferentes especies de mosquitos, xexenes ou flebótomos de interese. Por esta razón, o 22 de setembro de 2017 asinou un primeiro convenio de colaboración coa Universidade de Vigo e coa Universidade de Santiago de Compostela que tiña por obxecto a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidade humana e animal. Posteriormente, o 25 de xuño de 2020 asinou coas ditas universidades un novo convenio, co mesmo obxecto, que permitiu establecer unha rápida actuación para realizar a vixilancia e a información á poboación tras a detección en Galicia no ano 2023 da presenza do *Aedes albopictus*, vector de enfermidades como o dengue, o zika ou o chikungunya.

Así mesmo, este convenio incorpora o enfoque “Unha soa saúde”, integrado e unificador que busca equilibrar e optimizar de forma sostible a saúde das persoas, os animais e os ecosistemas. O enfoque mobiliza o traballo conxunto de distintas áreas, disciplinas e comunidades, co fin de fomentar o benestar e enfrontar as ameazas para a saúde e os ecosistemas.

**Segundo.-** Que, desde o punto de vista da saúde pública e da sanidade animal, é importante que exista unha rede para a vixilancia dos vectores de interese sanitario.

No 2017 naceu a Rede Galega De Vixilancia de Vectores, en adiante ReGaViVec, mediante convenio entre as consellerías de Sanidade, Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo, primeiro centrándose en mosquitos ( 2017 ) e no ano 2018 amplíase ás carrachas. O ReGaViVec está financiada e coordinada pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

É preciso que esta rede se manteña no tempo e continúe a súa ampliación ata abarcar á maior parte do territorio de Galicia para que ante a detección de vectores non autóctonos se teña a seguridade de poder dar unha rápida resposta e minimizar a súa expansión, tal e como recomendan as guías internacionais.

**Terceiro.-** Que a USC e a UVIGO son entidades de dereito público que desenvolven actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social. Concretamente, os departamentos e grupos de investigación das universidades que van a participar neste convenio son os seguintes:

- a) No Departamento de Patoloxía Animal da USC, o grupo de investigación COPAR GI-2120 (Control Parasitario), do que son Investigadores o Dr. Adolfo Paz Silva e a Dra. Maria Sol Arias Vázquez, profesores titulares do citado Departamento, contan con tres liñas de investigación denominadas "*Inmunoloxía e xenómica para o diagnóstico de infeccións en hospedeiros animais e en vectores*", "*Vixilancia epidemiolóxica de vectores de infeccións a persoas e animais: carrachas e dípteros*" e "*Monitorización da saúde de herbívoros e emprego coma sentinelas (zoonoses)*" co obxectivo de realizar estudos sobre ectoparásitos e a súa infestación por diversos microorganismos de interese humano e animal, e con ampla experiencia no eido das carrachas.
- b) No Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da UVIGO, o grupo de investigación BA2 (Bioloxía Ambiental), do que é investigadora principal a Dra. Josefina Garrido González, profesora titular do citado Departamento, conta cunha liña de investigación específica sobre o "*Estudo da Biodiversidade*" co obxectivo de realizar, entre outros, estudos sobre fauna entomolóxica invasora, con ampla experiencia.

**Cuarto.-** Que o feito da colaboración con expertos desta Comunidade é para que as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural, no caso de estimar densidades elevadas, detectar presenza de novos xéneros e especies, zonas ou áreas cun aumento de densidade de vectores de enfermidades de importancia na saúde pública (carrachas e mosquitos) poidan tomar medidas de control de xeito urxente e informar a poboación dos riscos aos que poden estar expostos.

A día de hoxe segue a ser moi necesaria esta vixilancia de vectores xa que é preciso seguir a aumentar os puntos de mostraxe coa finalidade de incorporar coñecemento sobre as especies xa presentes, ademais de continuar coa posible detección de novas especies nun contexto de cambio climático.

No caso de carrachas é preciso, por exemplo, intensificar a vixilancia nas zonas onde se atoparon carrachas do xénero *Hyalomma* e mapear a súa posible expansión. E no caso dos mosquitos, vixilar a posible entrada doutros mosquitos invasores como *Aedes japonicus*, xa detectado en Asturias e, ampliar o coñecemento da distribución do *Aedes albopictus*, *Anopheles plumbeus* e *Culex torrentium*, detectados por primeira vez en Galicia no marco desta vixilancia.

**Quinto.-** Que tanto a USC como a UVIGO, teñen interese en manter este proxecto xa que posibilita que os equipos dos grupos de investigación implicados realicen estudos para completar algúns eidos das súas liñas de investigación que permitirán establecer relacións epidemiolóxicas e cuxos resultados, ademais, poderíanse empregar na vixilancia e control que se desenvolve en Galicia.

**Sexto.-** Que estas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o

coñecemento sobre a presenza ou ausencia, distribución e densidade dos vectores así como a súa infestación por determinados microorganismos de interese para a saúde humana e animal, sen esquecer que algunhas das enfermidades compártense entre humanos e animais.

Por conseguinte, sendo todas as partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de cooperación para a vixilancia entomolóxica en Galicia, sometido ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

A finalidade do convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural, a USC e a UVIGO para a prestación do apoio técnico científico e o desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de carrachas e mosquitos vectores de enfermidades en Galicia a través da Rede galega de vixilancia de vectores (REGAVIVEC).

### **Segunda.- Dereitos de propiedade industrial e intelectual**

A titularidade dos dereitos de propiedade industrial e intelectual dos resultados serán de uso compartido polas partes asinantes, no xeito que elas mesmas establezan de conformidade coa normativa aplicable na materia. As partes comprométese a colaborar, de acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

### **Terceira.- Obrigacións da USC**

1. A USC comprométese a aumentar o coñecemento sobre as **carrachas** que son vectores de interese para a saúde humana e a sanidade animal en Galicia, para o cal levarán adiante as seguintes actividades:

- a) Revisión e actualización dos protocolos para a recollida de carrachas, tanto no medio como en animais e humanos, atendendo ás boas prácticas nesta materia.

Esta revisión deberá considerar os avances na materia, a evidencia científica dispoñible e as recomendacións de organismos nacionais e internacionais competentes.

- b) Recollida polo método de mostraxe de campo, traslado, procesado e identificación de carrachas nas mostras recollidas tanto nos puntos da rede básica de mostraxe para carrachas (Anexo I) coma noutros puntos que se considere de interese, de forma extraordinaria. En función da evolución dos achados das mostraxes realizadas poderase modificar este anexo e/ou ampliar, de xeito motivado, durante a duración do convenio, nun 15 % o número de puntos de mostraxe da rede básica de vixilancia de carrachas. Estas modificacións deben ser consensuadas entre a universidade e a Consellería de Sanidade.
- c) Traslado, procesado e identificación das mostras recollidas pola USC nalgunhas das entidades colaboradoras, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de carrachas.
- d) Procesado e identificación das mostras recibidas das entidades colaboradoras: veterinarios clínicos, clínicas veterinarias, centros de saúde, TECORES, particulares, centros de recuperación de fauna silvestre, protectoras de animais, farmacias colaboradoras, campañas de saneamento da Consellería de Medio Rural, etc.
- e) Intensificación da busca de carrachas do xénero *Hyaloma*, para o que se intentará aumentar as entidades colaboradoras.
- f) Asesoramento e/ou formación ás entidades ou persoas que colaboren habitualmente (en diante entidades colaboradoras) no envío de mostras de carrachas, por unha banda, e ás entidades locais e consellerías con competencia no caso de ser preciso establecer medidas de control de poboación de carrachas, por outra.
- g) Colaboración na actualización das bases de datos de especies de interese vectorial de enfermidades con relevancia en saúde pública para a súa inclusión no Observatorio de Saúde Pública de Galicia, que permita mostrar as diferentes especies achadas segundo a súa localización xeográfica e informar á poboación sobre as recomendacións e as medidas de actuación en cada momento.
- h) Análise de infestación por axentes de anaplasmose, febre exantemática mediterránea, borreliose de Lyme, encefalite transmitida por carrachas (en inglés Tick-Borne Encephalitis, TBE), tanto nas carrachas como nos animais hóspedes, segundo as técnicas serolóxicas e moleculares definidas para cada un dos axentes. Realizarase a análise de infestación na totalidade das mostras de carrachas do xénero *Hyalomma* identificadas. En función da evolución dos achados e das mostraxes realizadas establecerase unha porcentaxe mínima para a análise de infestación polo do xenero *Ixodes* e doutros xéneros identificados de relevancia en saúde pública na nosa comunidade. Para a análise de infestación

das carrachas do xénero *Hyalomma* polo virus de Crimea-Congo, dado que se precisa un laboratorio con alto nivel de seguridade, poderán establecer acordos con unidades de investigación que traballen neste eido e dispoñan deste tipo de laboratorio.

- i) Remisión periódica da información da actividade á DXSP e á DXGAIA e elaboración dun informe final ao finalizar o período anual de mostraxe. O informe anual deberá conter unha avaliación do risco de transmisión destes axentes, tanto ás persoas como aos animais de abasto, segundo a localización, densidade e infestación das carrachas. Así mesmo incluírá a avaliación do risco de certos animais salvaxes como reservorios na transmisión destes axentes.
- j) Colaboración nas publicacións que se deriven dos datos e/ou informes realizados no marco deste convenio.

2. A dirección destas actividades levarase conxuntamente polos profesores titulares Dra. María Sol Arias Vázquez e Dr. Adolfo Paz Silva .

3. De abril a decembro remitiranse os resultados e os achados relevantes da vixilancia, cunha frecuencia mensual, e levarase a cabo o traballo de campo. Finalmente elaborárase un informe provisional de resultados no mes de setembro-outubro e outro final de resultados ao rematar o período anual de mostraxe

#### **Cuarta.- Obrigacións da UVIGO**

1. A UVIGO comprométese a aumentar o coñecemento sobre os **mosquitos** vectores de interese para a saúde humana e a sanidade animal en Galicia, para o cal levarán adiante as seguintes actividades:

- a) Revisión e actualización dos protocolos para a posta de trampas, o seu mantemento, a recollida das mostras e o seu envío á Universidade de Vigo, para o seu uso polas entidades e persoas colaboradoras na colocación de trampas, segundo os puntos de mostraxe que teñan asignados, e atendendo ás boas prácticas nesta materia. Esta revisión deberá considerar os avances na materia, a evidencia científica dispoñible e as recomendacións de organismos nacionais e internacionais competentes.
- b) Realización das mostraxes non sistematizadas mediante a técnica de *dipping*, polo menos nun número de trinta mostraxes por ano, atendendo ás características das zonas, para determinar os mellores puntos de mostraxe e capacidade de detección de diferentes especies de dípteros. Isto facilitará a detección das áreas de maior interese para a colocación de trampas

permanentes e permitirán optimizar capturas e ampliar a rede, en base a mellor evidencia posible.

- c) Traslado, procesado, identificación e reconto das mostras recollidas pola propia universidade de Vigo, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de mosquitos e dípteros.
- d) Colaboración na recollida de mosquitos da rede básica segundo os puntos de mostraxe do Anexo I, así como aumento de mostraxes de detectarse riscos nalgunha zona determinada, estea ou non sometida a vixilancia.
- e) Procesado, identificación e reconto dos diferentes exemplares nas mostras recollidas polo persoal da Consellería de Sanidade, Consellería de Medio Rural, concellos e deputacións e outras entidades que poidan colaborar nas redes de vixilancia de mosquitos, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de mosquitos e dípteros.
- f) Formación e asesoramento ao persoal da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Sanidade e das entidades da administración local e daquelas outras entidades que poidan colaborar e que se ocupan da posta de trampas nos puntos de mostraxe asignados.
- g) Asesoramento ás entidades locais e consellerías no caso de ser preciso establecer medidas de control de poboación de mosquitos.
- h) Análise das especies do xénero *Culex* máis relevantes na transmisión do virus do Nilo Occidental para detectar a presenza ou ausencia do virus; análise de Flebótomos transmisores da Leishmaniose e análise dun de mosquitos do xénero *Aedes* para detectar a presenza do axente transmisor do dengue e de outras enfermidades de interese en saúde pública. A análise viral realizarase entre un 10% e un 20% dos mosquitos adultos detectados e sempre que sexa requirido por unha situación de caso illado ou brote autóctono dalgunha destas enfermidades.
- i) Colaboración na actualización das bases de datos de especies de interese vectorial de enfermidades de relevancia en saúde pública para a súa inclusión no Observatorio de Saúde Pública de Galicia, que permita mostrar as diferentes especies achadas segundo a súa localización xeográfica e informar á poboación sobre as recomendacións e as medidas de actuación en cada momento.
- j) Remisión periódica da información á DXSP e á DXGAIA e elaboración dun informe final ao finalizar o período anual de mostraxe.

- k) Colaboración nas publicacións que se deriven dos datos e/ou informes realizados no marco deste convenio.

2. A dirección destas actividades exercerase pola profesora Dra. Josefina Garrido González da UVIGO.

3. Remitiranse os resultados e os achados relevantes da vixilancia, cunha frecuencia mensual, quincenal ou semanal segundo o que corresponda coa programación das mostraxes e levarase a cabo o traballo de campo. Finalmente elaborárase un informe provisional de resultados no mes de setembro-outubro e outro final de resultados ao rematar o período anual de mostraxe

### **Quinta.- Obrigas da Consellería de Sanidade**

1. No referente a vixilancia de **carrachas e de mosquitos**, a Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Aboar a parte económica para o financiamento do proxecto, tal como se establece na cláusula novena de financiamento.
- b) Realizar as xestións para poder levar a cabo as mostraxes nos puntos de maior interese, segundo a dinámica de cada especie, para o que establecerá acordos ou colaboracións con entidades de carácter local, centros de saúde, veterinarios clínicos, clínicas veterinarias, particulares, centros de recuperación de fauna silvestre, protectoras de animais, farmacias e outras entidades, institucións ou persoas que podan colaborar coas mostraxes.
- c) Actualizar as bases de datos de especies vectoriais transmisoras de enfermidades de interese para a saúde pública para a súa inclusión no Observatorio de Saúde Pública de Galicia, que permitan mostrar as diferentes especies achadas segundo a súa localización xeográfica e informar á poboación sobre as recomendacións e as medidas de actuación en cada momento. Os puntos de mostraxe poderán substituírse por outros, en función das colleitas ou de que as mostraxes non sistematizadas que realicen as Universidades indiquen colleitas pouco eficientes ou lugares máis axeitados para as mostraxes, respectivamente.
- d) Compartir coa Consellería de Medio Rural os resultados relevantes que poidan ser de interese en saúde animal obtidos nos programas de vixilancia ambiental e epidemiolóxica.
- e) Realizar a vixilancia ambiental e epidemiolóxica en función dos achados das especies de relevancia en saúde pública.

- f) Manter actualizados os puntos de mostraxe e as entidades colaboradoras.

### **Sexta.- Obrigacións da Consellería do medio rural**

1. No referente a vixilancia de **carrachas e de mosquitos** a Consellería do Medio Rural comprométese a:

- a) Promocionar a comunicación cos TECORES, así como a enviar as carrachas que se atopen en xabaráns ou doutros animais salvaxes, no marco do seu programa de control de determinadas enfermidades animais.
- b) Colaborar na recollida de mostras de carrachas para a súa remisión á Universidade de Santiago, na medida que sexa compatibles con seus programas de vixilancia ou campañas de saneamento.
- c) Realizar as xestións para poder levar a cabo as mostraxes nos puntos de maior interese, segundo a dinámica de cada especie, para o que poderán establecerse acordos con asociacións de gandeiros, gandeirías, etc.
- d) Compartir coa Consellería de Sanidade os resultados relevantes que podan ser de interese en saúde pública obtidos nos seus programas de vixilancia e campañas de saneamento.
- e) Colocar trampas, recoller as capturas e enviar á UVIGO cos seus recursos humanos, en sete puntos dos establecidos para a mostraxe no anexo I da rede básica. Nos vindeiros anos, poderán aumentarse estes puntos segundo a dispoñibilidade de recursos humanos nas diferentes zonas.

### **Sétima.- Obrigacións conxuntas das Consellerías de Sanidade e do Medio Rural**

Ambas as dúas consellerías, Sanidade e Medio Rural, comprométense a:

- a) Colaborar no estudo daquelas enfermidades de transmisión vectorial comúns a animais e humanos, dende un enfoque One Health.
- b) Mencionar a USC e a UVIGO cando se faga uso público dos datos obtidos.
- c) Publicar a información recibida e valorala en termos de saúde humana e animal.

Nos quince días seguintes á sinatura do convenio, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural nomearán ás persoas interlocutoras coa USC e a UVIGO como responsables do seguimento das actividades indicadas neste e que serán as encargadas da recepción dos resultados.

## Oitava.- Comisión de seguimento

Para a aplicación, seguimento e interpretación do convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes da Consellería de Sanidade, dous da Consellería do Medio Rural, dous da USC e dous da UVIGO.

O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Serán funcións desta comisión garantir o cumprimento dos obxectivos e obrigas do convenio e promover a produción científica derivada dos resultados deste.

Os acordos da comisión será adoptados mediante voto da maioría das persoas que a integran.

A presidencia da comisión correspóndelle á unha das persoas representantes da Consellería de Sanidade, a cal terá voto dirimente en caso de empate.

## Novena.- Financiamento

1. A Consellería de Sanidade comprométese ao financiamento do proxecto dende á aplicación 1202.413A.640.3, na que existe crédito adecuado suficiente, cun total de 544.500 € (cincocentos corenta e catro mil cincocentos euros), de acordo coas seguintes asignacións a cada unha das Universidades:

Ano	USC			UVIGO			TOTAL		
	Importe	IVA 21%	TOTAL	Importe	IVA 21%	TOTAL	Importe	IVA 21%	TOTAL
2025	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	100.000,00 €	21.000,00 €	121.000,00 €
2026	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	90.000,00 €	18.900,00 €	108.900,00 €	150.000,00 €	31.500,00 €	181.500,00 €
2027	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	90.000,00 €	18.900,00 €	108.900,00 €	150.000,00 €	31.500,00 €	181.500,00 €
2028	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €
	<b>180.000,00 €</b>	<b>37.800,00 €</b>	<b>217.800,00 €</b>	<b>270.000,00 €</b>	<b>56.700,00 €</b>	<b>326.700,00 €</b>	<b>450.000,00 €</b>	<b>94.500,00 €</b>	<b>544.500,00 €</b>

Durante a vixencia do convenio realizaranse dez pagamentos, para os que cada unha das Universidades presentará a factura correspondente, tal e como se recolle no seguinte cadro:

Pagamento	USC				UVIGO			
2025	Á sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €	A sinatura	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €	2º cuadrimestre	22.500,00 €	4.725,00 €	27.225,00 €
	3º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €	3º cuadrimestre	22.500,00 €	4.725,00 €	27.225,00 €
	<b>Subtotal 2025</b>	<b>40.000,00 €</b>	<b>8.400,00 €</b>	<b>48.400,00 €</b>	<b>Subtotal 2025</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>
2026	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	2º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	3º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	3º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	<b>Subtotal 2026</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>	<b>Subtotal 2026</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>18.900,00 €</b>	<b>108.900,00 €</b>
2027	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	2º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	3º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	3º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	<b>Subtotal 2027</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>	<b>Subtotal 2027</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>18.900,00 €</b>	<b>108.900,00 €</b>
2028	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	<b>Subtotal 2028</b>	<b>20.000,00 €</b>	<b>4.200,00 €</b>	<b>24.200,00 €</b>	<b>Subtotal 2028</b>	<b>30.000,00 €</b>	<b>6.300,00 €</b>	<b>36.300,00 €</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>180.000,00 €</b>	<b>37.800,00 €</b>	<b>217.800,00 €</b>	<b>TOTAL</b>	<b>270.000,00 €</b>	<b>56.700,00 €</b>	<b>326.700,00 €</b>

## Ano 2025

### USC

2025	Á sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	3º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	<b>Subtotal 2025</b>	<b>40.000,00 €</b>	<b>8.400,00 €</b>	<b>48.400,00 €</b>

1. Pagaranse 10.000 € + IVE, logo da sinatura do convenio, e trala presentación da programación das mostraxes a realizar relacionadas coa vixilancia e control de carrachas vectores de enfermidades, obxecto do convenio, que acompañará da factura correspondente.
2. No segundo e terceiro cuadrimestre de 2025 presentarase senllos informes provisionais dos achados que acompañará a factura para realizar o pagamento. Cada un destes pagamentos será de 15.000 € máis IVE.

### UVIGO

2025	Á sinatura	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	2º cuadrimestre	22.500,00 €	4.725,00 €	27.225,00 €
	3º cuadrimestre	22.500,00 €	4.725,00 €	27.225,00 €
	<b>Subtotal 2025</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>

3. Pagaranse 15.000 € + IVE, logo da sinatura do convenio, e trala presentación da programación das mostraxes a realizar relacionadas coa vixilancia e control de mosquitos vectores de enfermidades, obxecto do convenio, que acompañará da factura correspondente.

4. No segundo e terceiro cuadrimestre de 2025 presentarase un informe provisional dos achados que acompañará a factura para realizar o pagamento. Cada un destes pagamentos será de 22.500 € máis IVE.

### Anos 2026-2027

#### USC

2026	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	<b>Subtotal 2026</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>
2027	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	<b>Subtotal 2027</b>	<b>60.000,00 €</b>	<b>12.600,00 €</b>	<b>72.600,00 €</b>

#### UVIGO

2026	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	2º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	3ºcuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	<b>Subtotal 2026</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>18.900,00 €</b>	<b>108.900,00 €</b>
2027	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	2º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	3ºcuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	<b>Subtotal 2027</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>18.900,00 €</b>	<b>108.900,00 €</b>

1. No primeiro cuadrimestre presentarase unha memoria de actividades para o ano correspondente e o informe final do ano previo.
2. No segundo e terceiro cuadrimestres de cada ano presentarase senllos informes provisionais dos achados que acompañarán ao pagamento que corresponde a cada un deles.

### Ano 2028

#### USC

2428	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
		20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €

#### UVIGO

2428	1º cuadrimestre	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
		30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €

1. No primeiro cuadrimestre de 2028 completárase o traballo de campo e de laboratorio e achegárase a identificación completa das capturas que corresponda e un informe final definitivo cos resultados obtidos no 2025, 2026 e 2027, e a presentación da correspondente factura, todo isto de conformidade coas obrigas ás que se comprometen a USC e a UVIGO, previstas nas cláusulas terceira e cuarta respectivamente, en cumprimento do obxecto do convenio.
2. A Consellería do Medio Rural comprométese a achegar os recursos necesarios para proceder a colaboración cos TECORES e plans de mostraxe que teñan asignados dentro dos seus programas de control de enfermidades animais en animais silvestres.
3. A USC, a través do Departamento de Patoloxía Animal (grupo de investigación COPAR GI-2120, CONTROL PARASITARIO) comprómétese a realizar estudos e aumentar o coñecemento sobre ectoparásitos e a súa infestación por diversos microorganismos de interese humano e animal. Polo tanto, asume o compromiso de aumentar o coñecemento sobre as carrachas que son vectores de interese para a saúde humana e animal en Galicia.
4. A UVIGO a través do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, comprométese a realizar, entre outros, estudos sobre fauna entomolóxica invasora e a aumentar o coñecemento sobre mosquitos vectores para a saúde humana e animal en Galicia.
5. A formalización do convenio non implica consignación orzamentaria específica nin para a Consellería do Medio Rural, nin para a USC e UVIGO,

### **Décima.- Inexistencia de relación laboral**

*A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes da USC e a UVIGO e as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir ás devanditas consellerías ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria. "*

### **Décimo primeira. Natureza xurídica. Réxime xurídico**

*Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.*

*De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei.*

De conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, este convenio rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación ou do incumprimento das obrigas que del se deriven, e que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### **Décimo segunda. Extinción e resolución**

1. Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de todas as partes.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva a actividade descrita nas cláusulas do convenio.
- d) A denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso de dous meses.

2. En razón do interese público, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural poderán suspender a execución do convenio previa presentación dun informe ao respecto que será discutido na comisión mixta.

3. No caso de resolución anticipada por acordo unánime e, en canto á liquidación das obrigas pendentes, cada entidade asumirá a parte proporcional que lle corresponda. En dito caso, as Universidades entregaránlle ás Consellerías un informe cos resultados obtidos ata o momento da interrupción. O antedito informe, incluirá a liquidación económica dos traballos realizados ata esa data, que serán aboados pola Consellería de Sanidade dentro dos límites orzamentados.

### **Décimo terceira. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 30 de abril de 2028.

Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de polo menos 2 meses á data de vencemento do convenio.

#### **Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal**

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a súa vixencia.

#### **Décimo quinta. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno**

As partes asinantes do convenio outorgan o seu consentimento expreso para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura dixital (22 de xullo de 2025),

Pola Consellería  
de Sanidade

Pola Consellería do  
Medio Rural

Pola Universidade de  
Santiago de  
Compostela

Pola Universidade de  
Vigo

Antonio  
Caamaño

Gómez María José  
Rodríguez

Gómez Antonio López Díaz

Manuel  
Reigosa Roger

Joaquín



**Anexo I**  
**Rede básica de mostraxe de vectores**

1. Rede básica de mostraxe de carrachas

Provincia	Concello
A Coruña	Sobrado
	Sigueiro
	Ortigueira
	Fragas do Eume
	Cabanas
	A Capela
	Monfero
	Pontedeume
	As Pontes de García Rodríguez
	Santa Comba
	Culleredo
	Porto do Son
	Dumbría
	Santa Comba
Lugo	Becerreá
	A Fonsagrada
	Vilalba
	Folgoso do Caurel
	Ribadeo
	Chantada
	Monforte de Lemos
	Lugo
	Cervantes
	A Pontenova
Ourense	O Carballiño
	Bede
	Viana do Bolo
	Catrelo de Val
	Verín
	Bande
	Paderne de Allariz
	O Barco de Valdeorras
	Chandrexa de Queixa
	Lobios
Pontevedra	Lalín
	Barro
	O Rosal
	Cotobade
	Oia

## 2. Rede básica de mostraxe de mosquitos

---

Provincia	Concello
A Coruña	Santiago de Compostela (aeroporto)
	A Coruña (aeroporto)
	Abegondo
	Ribeira
	Mazaricos
	Dumbría
	Valdoviño
	Santiso
	Sobrado dos Monxes
	Cabana de Bergantiños
	As Pontes de García Rodríguez
Lugo	O Vicedo
	Cospeito
	Foz
	Ribadeo
	A Fonsagrada
	Lugo
	Portomarín
	Monforte
	Pedrafita do Cebreiro
	Meira
	Baralla
Ourense	O barco de Valdeorras
	Vilariño de Conso
	Monterrei
	Xinzo de Limia
	Bande
	Cortegada
	Ourense
	Boborás
Pontevedra	Vigo (aeroporto)
	Salvaterra do Miño
	Tomiño
	Vigo
	Pontevedra
Lalín	

---

### 3. Rede básica de mostraxe de mosquito tigre

---

Provincia	Concello
A Coruña	Ribeira
Pontevedra	Cangas
	Moaña
	Vilaboa
	Redondela
	Vigo
	Nigrán
	Baiona
	Mos
	O Grove
	Ribadumia
	Sanxenxo
	Poio
	Marín
	Bueu
	O Porriño
	Tui

---

## Anexo II Orzamento estimado Universidades

### Mosquitos\_UVIGO

Concepto	Anual
<b>Contratación de persoal de apoio á investigación seguindo a normativa da universidade</b>	
Contratación de 2 Graduados/Licenciados 37.5 horas semanais	61.000,00 €
<b>Pequeno equipamento e material funxible</b>	
Tubos para almacenamento, porta e cubreobxectos, caixas almacenamento, produtos de laboratorio, papelería e consumibles, eclosionador de mosquitos capturados, reparación de equipos e trampas	1.000,00 €
<b>Desprazamentos</b>	
Posta e recollida de trampas, mostraxes puntuais, desprazamento aos concellos que colaboran na mostraxe, asistencia congresos	7.000,00 €
<b>Publicacións</b>	
	2.500,00 €
<b>Contratación análise para identificación con infestación por virus dos mosquitos</b>	
	5.000,00 €
<b>Gastos indirectos Uvigo (15%)</b>	
	13.500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>90.000,00 €</b>
	<b>IVE 21%</b> 18.900,00 €
	<b>TOTAL</b> 108.900,00 €

### Carrachas\_USC

Concepto	Anual
<b>Contratación de persoal de apoio á investigación seguindo a normativa da universidade</b>	
Contratación de 2 Graduados/Licenciados a tempo parcial	32.000,00 €
<b>Pequeno equipamento e material funxible</b>	
Tubos para almacenamento, porta e cubreobxectos, caixas almacenamento, produtos de laboratorio, papelería e consumibles, substitución mantas de mostraxe	2.000,00 €
<b>Desprazamentos</b>	
Posta e recollida de trampas, mostraxes puntuais, desprazamento aos concellos que colaboran na mostraxe, asistencia congresos	7.000,00 €
<b>Publicacións</b>	
	2.500,00 €
<b>Equipamento análise para identificación de microorganismos presentes nas carrachas</b>	
	7.500,00 €
<b>Gastos indirectos USC</b>	
	9.000,00 €
<b>IMPORTE</b>	<b>60.000,00 €</b>
	<b>IVE 21%</b> 12.600,00 €
	<b>TOTAL</b> 72.600,00 €